



AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO (1º, 2º), PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO (3º, 4º, 5º, 6º) E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2020/2021 (Orde 12 de maio de 2020, publicada no DOG. do 19 de maio).

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR TODOS OS CURSOS

- ANEXO I e ANEXO II. Podedes recollelos no colexio ou descárgalos en www.edu.xunta.es/fondolibros
- Fotocopia do libro de familia no cal figuren todos os membros computables da unidade familiar.
- No caso de que a situación familiar a 31 de decembro de 2018 non coincida co reflexado no libro de familia, deberán entregar tamén algún dos seguintes documentos:
 - Certificado ou volante de convivencia, onde apareza o alumno e os familiares que conviven.
 - Certificado dos servizos sociais do concello, que acredite a situación familiar.
- No caso de separación ou divorcio, deberán achegar sentenza xudicial.
- No caso de discapacidade igual ou superior ao 33% recoñecida pola Xunta, deberán autorizar a consulta telemática no Anexo II e non fai falla papeleo. No caso de que sexa recoñecida por outro órgano distinto da Xunta ou que non se autorice a consulta telemática, entregar papeleo que o xustifique.
- No caso de violencia de xénero ou tutela ou garda da Xunta de Galicia, entregar papeleo que o xustifique.

Moi importante:

Terase en conta a declaración da renda de 2018, e a situación familiar referida a 31 de decembro de 2018. Nos Anexos I e II é moi importante autorizar á Consellería á comprobación dos vosos datos. Por iso NON marquedes o cadro “opoñome á consulta”. Do contrario, tedes que entregar fotocopias de DNI, renda, etc. Segundo a lexislación, todo alumnado que pediu axuda no curso pasado, debe devolver todos os libros mercados coa axuda ata o 7 de xullo (1º e 2º NON). Do contrario, perderán o dereito as axudas.

PRAZO ENTREGA NO COLEXIO OU SEDE ELECTRÓNICA (<https://sede.xunta.gal>): 19 DE XUÑO.

1º e 2º DE PRIMARIA: AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO

Rendas e contía das axudas

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000 euros: **210 euros.**
- Renda per cápita familiar superior a 6000 e igual ou inferior a 10000 euros: **140 euros.**

Para saber se tedes dereito a axuda, tedes que calcular a renda per cápita familiar. Teredes que dividir os ingresos da renda (recadros 435+460 da declaración da renda de 2018) entre o número de membros da unidade familiar computables. Os membros con discapacidade igual ou superior ao 33% contan por dous ao dividir. As contías son por cada alumno/a.

Moi importante:

O colexio entregará un vale para as solicitudes admitidas. O vale levarase a unha libraría para mercar os libros. **ESTOS VALES ENTRÉGANSE NO COLEXIO DENDE O 8 DE XULLO.**

3º, 4º, 5º e 6º DE PRIMARIA: FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

Rendas e listas de admitidos e excluídos

O alumnado destes cursos, terá libros en préstamo. Estes libros se entregarán en setembro.

- Se a renda per cápita é igual ou inferior a 6000 euros, terán dereito a seis libros de texto en préstamo.
- Se a renda per cápita é superior a 6000 euros e igual ou inferior a 10000 euros, terán dereito a catro.

Para saber se tedes dereito ao préstamo, tedes que calcular a renda per cápita familiar (explicada no apartado anterior):

Moi importante:

Ver no taboleiro do centro as solicitudes admitidas, as solicitudes excluídas, e os libros adxudicados ou que teña que mercar cada alumno. As datas son as seguintes:

- 9 de xullo: Publícase a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas.
- 10 e 13 de xullo: Posibles reclamacións dos interesados.
- **14 de xullo: Publícase a RELACIÓN DEFINITIVA de solicitudes admitidas e excluídas.**

AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR

Estas axudas de 50 euros, son para as rendas per cápita familiar iguais ou inferiores a 6000 euros.

Xa se pide automaticamente nos Anexos I e II de axudas libros e fondo solidario.

ESTOS VALES ENTRÉGANSE NO COLEXIO DENDE O 8 DE XULLO.